



## PROPOSICIÓN SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA EVITAR OS PERIGOS E MOLESTIAS DAS PROPIEDADES URBANAS ABANDONADAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na cidade existen inmobles que, ben polo seu estado de ruína e abandono ou ben por atoparse inacabados e sen continuidade nos seus traballos de edificación, por mor da quebra das empresas construtoras, xeran problemas para a veciñanza.

A situación destes inmobles fai que en ocasións sexan ocupados, de forma estable ou transitoria, por persoas que sen dispoñer dos servizos básicos fan un uso inadecuado, con actividades de risco para elas mesmas e para o resto da cidadanía. Riscos de incendio, problemas de salubridade, inseguridade polo estado das construcións... unha ampla problemática que en maior ou menor medida está presente neste tipo de edificios ocupados. Tamén resultan atractivos para nenos e nenas, e a mocidade en xeral, que polas facilidades de acceso se expoñen a situacións que poden resultar perigosas.

Existen varios casos constatados nos últimos tempos: nos Roláns, no Paxonal ou na Divina Pastora, por poñer algúns exemplos notorios, posto que neles se teñen producido e mesmo reiterado incidentes que fixeron necesaria a intervención dos servizos públicos e causaron –e seguen a causar- a natural alarma e preocupación entre a veciñanza máis próxima.

A lexislación sectorial, comezando polo Código Civil e con especial detalle tamén en diversas normas urbanísticas, fixa unhas obrigas das persoas propietarias e prevé que os concellos actúen nestas situacións. Primeiro, requirindo aos donos e chegando mesmo á execución subsidiaria nalgúns casos.

A maiores do indicado no PXOM de Santiago para os edificios declarados en ruína (artigo 45), as normas urbanísticas que facultan á Administración para resolver estas situación atopámolos tanto na normativa estatal, como na autonómica. A este respecto resulta ilustrativos os artigos 20.e, 135.1.c., 136.1.a seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, así como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve, onde se detallan amplamente os deberes dos propietarios en relación coa conservación e o mantemento das condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade e ornato; e tamén se recollen as ordes de execución que, de oficio ou a instancia de parte, deberán levar a cabo os concellos para asegurar o cumprimento deses deberes.

En definitiva, existe unha obriga non só por parte da propiedade, senón tamén por parte da Administración, e nomeadamente do Concello, para garantir, entre outras, a seguridade e salubridade nas edificacións.

En paralelo con esta medida, e para os casos nos que se constaten ocupacións permanentes, o Concello debería, como medida prioritaria e previa a calquera outra, tratar de solucionar a situación das persoas acollidas, a través dos servizos e das medidas de acción social que sexan necesarias.

Deste xeito daríase cumprida resposta, tanto aos dereitos das persoas que ocupan propiedades alleas, dos lexítimos propietarios, da veciñanza máis próxima e da cidadanía no seu conxunto.


Consonte con todo o anterior, o Grupo Popular achega para o seu debate e aprobación se procede no Pleno Municipal o seguinte

## ACORDO

***O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a:***

- 1. Realizar un inventario dos inmobles abandonados ou sen rematar no termo municipal que, polo seu estado e pola facilidade de acceso, supoñan un perigo real ou potencial para a veciñanza.***
- 2. Conforme ao inventario anterior, ou atendendo ás queixas recibidas ou detectadas, se marquen as prioridades e proceda a reclamar ás persoas propietarias os arranxos ou medidas que se consideren pertinentes.***
- 3. No caso de que, no prazo establecido, non se responda aos requirimentos, o Concello actuará subsidiariamente para garantir a seguridade e a salubridade dos inmobles, valorando se procede a súa declaración como edificio en situación de ruína e a súa inclusión no Rexistro Municipal de Soares e Edificacións que cómpre rehabilitar, conforme á ordenanza reguladora vixente.***
- 4. Cando se detecten ocupacións temporais ou permanentes de persoas alleas á propiedade, deberá abordarse de forma conxunta por parte dos servizos sociais do Concello a procura dunha solución que faga compatible os dereitos básicos dos circunstanciais habitantes coa restitución da seguridade e da lexitimidade do propio edificio.***

Santiago de Compostela, a 27 de xaneiro de 2017.



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela